



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL.G:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

## BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 26 DE SETEMBRO DE 2022

Sendo ás 20:00 horas do día 26 de setembro de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

#### SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

#### SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

##### Polo PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Noelia Varela Suárez

D<sup>a</sup> María Teresa Chouciño Calvete

##### Polo Partido Popular, PP:

D<sup>a</sup>. Marta María Carrillo Aguiar

D<sup>a</sup>. Ana María Vecino Santiago

##### Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

##### Concelleiros/as non adscritos/as

D. Miguel Ángel González Gómez

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D<sup>a</sup>. Raquel Fondo Pérez

D<sup>a</sup>. Ana Pérez Imia

D. Jesús Daniel García Coteló

#### SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

D. Marco Antonio Varela Vidal

D. Faustino Santiago Lema

**SECRETARIA:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. CRISTINA VARELA GARCÍA, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións na Secretaría do Concello de Pontevedra

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión.

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican de seguido.

O alcalde anuncia que, de conformidade co artigo 91.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, anuncia que vai al terar a orde de tratamento dos puntos incluídos na orde do día, de xeito que o punto terceiro tratarase en segundo lugar.

## PARTE RESOLUTIVA

### **1º. Aprobación “ope legis” da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria do 26-07-2022.**

O Sr. Alcalde presunta se algún membro da Corporación quere realizar algunha observación.

A secretaria indica que detectou un erro na votación do punto primeiro, de xeito que onde di:

*“Sométese a votación a aprobación da acta, coa observación indicada, e apróbase por cinco votos a favor ( 3 do G.M. PsdeG-PSOE e 2 G.M. do PP) oito abstencións (8 Non adscritos e 2 G.M. APIN) e ningún voto en contra.”*

Debe dicir:

*“Sométese a votación a aprobación da acta, coa observación indicada, e apróbase por cinco votos a favor ( 3 do G.M. PsdeG-PSOE e 2 G.M. do PP) oito abstencións (6 Non adscritos e 2 G.M. APIN) e ningún voto en contra.”*

Sométese a votación a aprobación da acta, coa observación indicada, e apróbase por cinco votos a favor (3 do G.M. PsdeG-PSOE e 2 G.M. do PP) seis abstencións (5 Non adscritos e 1 G.M. APIN) e ningún voto en contra.

### **2º. Adhesión á “Declaración sobre a Defensa do Ceo Nocturno e o Dereito á Luz das Estrelas”: Expte. 2022/D006/000006.**

Pola presidencia expone a proposta da Alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO Á DECLARACIÓN SOBRE A DEFENSA DO CEO NOCTURNO E O DEREITO Á LUZ DAS ESTRELAS

1. O Concello de Ponteceso forma parte da Costa da Morte Asociación Turística (CMAT) dende o ano 2015. Na Asemblea ordinaria celebrada o pasado 15 de decembro de 2021, establecéronse as actividades de promoción a desenvolver durante o ano 2022. Entre estas actividades atópanse os traballos para a certificación de Costa da Morte coma Destino Starlight.
2. A CMAT –Asociación Turística Costa da Morte- puxo en marcha este proxecto para situar o ceo do xeodestino da Costa da Morte como recurso turístico. Entre as actuacións a realizar está a obtención da Certificación Starlight, certificación voluntaria que garante que se cumpren as condicións mínimas esixidas para a observación de estrelas, e facilita a mellora continua da oferta turística deste tipo de destino mediante a definición dun estándar de calidade.

3. O pasado 30 de agosto de 2022, Mónica Rodríguez Ordoñez, en representación da CMAT solicita a firma da solicitude de adhesión a “Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas”. Sendo esta adhesión o paso previo necesario que cada un dos concellos que forma a CMAT debe dar, para poder solicitar a Certificación de Costa da Morte coma destino Starlight.
4. A firma do documento de adhesión esixe o acordo plenario municipal previo.
5. A solicitude de adhesión á Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas expresa literalmente:

ADHESIÓN Á “DECLARACIÓN SOBRE A DEFENSA DO CEO NOCTURNO E O DEREITO Á LUZ DAS ESTRELAS”

1-. Na devandita Declaración, emanada da “I Conferencia Internacional Starlight” (2007), e en cuxa elaboración participaron representantes de UNESCO, OMT, IAU, IAC, Programa MaB e Convención Ramsar, ademais doutros organismos internacionais, contéñense os principios e reflexións que levan a considerar o Ceo Nocturno como un patrimonio de todos e expóñense as recomendacións para protexelo e valoralo como un ben científico, cultural, ambiental e turístico de primeira magnitude. Con esta Declaración iníciase unha campaña internacional, xestionada pola Fundación Starlight, en defensa da calidade dos ceos nocturnos e o dereito á observación das estrelas, aberta á participación de todas as institucións, públicas e privadas, asociacións científicas, culturais e cidadás, relacionadas coa defensa do ceo nocturno.

2-. Preténdese así reforzar a importancia que os ceos limpos teñen para a Humanidade, realzando e dando a coñecer o valor que este patrimonio, en perigo, posúe para a ciencia, a educación, a cultura e o turismo. Así tamén, destácase o dereito a un ceo nocturno non contaminado como factor de calidade de vida, axudando a difundir os beneficios directos e indirectos, tecnolóxicos, económicos e culturais, asociados á observación das estrelas.

3-. Ao adherirse á “Declaración en Defensa do Ceo Nocturno e o Dereito á Luz das Estrelas”, asúmense como propios os obxectivos contidos na mesma.

*É interese da Alcaldía que o Concello de Ponteceso solicite a adhesión Á DECLARACIÓN SOBRE A DEFENSA DO CEO NOCTURNO E O DEREITO Á LUZ DAS ESTRELAS dado que se trata de unha iniciativa de interese para todo o xeodestino Costa da Morte, do que Ponteceso forma parte; porque se trata dunha oportunidade para atraer investimento, crear emprego e dinamizar a actividade económica do concello de Ponteceso, e polas repercusións positivas no medio ambiente.*

Por todo o anterior PROPOÑO ao Pleno:

**Primeiro.-** A aprobación da adhesión do Concello de Ponteceso á Á DECLARACIÓN SOBRE A DEFENSA DO CEO NOCTURNO E O DEREITO Á LUZ DAS ESTRELAS.

**Segundo.-** Adoptar o compromiso de asumir como propios os obxectivos contidos na mesma

**Terceiro.-** Comunicar o presente acordo á CMAT aos efectos oportunos.

Ponteceso, 16 de setembro de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Sra. Carrillo Aguiar manifesta que este asunto non afecta a Ponteceso, ou temos algún problema para ver ás estrelas?

O Sr. Pose Verdes pregunta se coa cantidade de eólicos que lles están poñendo arredor non resulta curioso que se traia esta adhesión. Dar luz verde aos eólicos e aprobar esta proposta é contradictorio.

A Sra. Fondo Pérez pregunta de que maneira pode traer máis turismo esta proposta por 15.000 euros porque ver a estrelas é de balde.

O alcalde di que se trata dun expediente informado pola técnica de turismo, como no resto de concellos da CMAT. Trátase de contemplar a astronomía en todo o seu esplendor. É un esforzo conxunto da Costa da Morte e van votar a favor porque o consideran positivo.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE )

Votos en contra: cinco (5 concelleiros/as non adscritos(as)

Abstencións: tres ( 2 G.M. PP e 1 G.M. APIN)

Queda rexeitado o ditame.

### **3º. Aprobación da participación do Concello de Ponteceso na segunda fase do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022”. Expte. 2022/A008/000007.**

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022”**

A Deputación da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022, mediante acordo plenario de data 26/11/2021 e publicado no BOP número 228 do 30 de novembro de 2021.

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 10/02/2022, acordou participar no dito Plan.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022 para regular o POS+ADICIONAL 2/2022, mediante acordo plenario de data 27/05/2022. O importe da achega provincial asignada a este concello ascende a 446.364,28 €.

O POS+ADICIONAL 2/2022 aprobarase en dúas fases e o concello poderá participar nunha fase ou nas dúas:

- Na 1ª fase incluíranse unicamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ó POS+2022, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polo concello e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+ADICIONAL 2/2022 presentando a documentación indicada na correspondente circular informativa, rematando o prazo para esta presentación o 30 de xuño de 2022.

- Na 2ª fase incluírase o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2022 e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, polo que deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante e o prazo de presentación de documentación desta segunda fase esténdese desde o 5 de xullo de 2022 ata as 15.00 horas do 5 de outubro de 2022.

Por resolución de alcaldía núm. 469/2022, de 29 de xuño resolvín Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) da Deputación Provincial da Coruña confirmando a aplicación da maior achega provincial á obra Novo colector de intercepción da rede de pluviais en Ponteceso e mellora da drenaxe do xuncal cun orzamento total de 233.892,93 € polo que quedan pendentes de solicitar 212.471,35 € correspondentes á segunda fase

Visto o INFORME SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES PARA O EXERCICIO 2022, ANEXO IV, asinado pola interventora o 15-09-2022

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A) ) Financiamento de gastos correntes:**

|  | Deputación   |
|--|--------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022 | 212.471,35 € |

**B ) Financiamento de investimentos:**

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO |                  |                         |                | Orzamento total |
|--|-------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-----------------|
|  | Deputación                    | Concello         |                         | Total Concello |                 |
|  |                               | Achega municipal | IVE soportado deducible |                |                 |
| <b>TOTAL</b>   |                               |                  |                         |                |                 |

| Investimentos<br>financeiramente<br>sostibles NON incluídos<br>no Plan<br>Complementario ao<br>POS+ 2022 | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO |                     |                               |                   | Orzamento<br>total |
|--|-------------------------------|---------------------|-------------------------------|-------------------|--------------------|
|  | Deputación                    | Concello            |                               |                   |                    |
|  |                               | Achega<br>municipal | IVE<br>soportado<br>deducible | Total<br>Concello |                    |
| <b>TOTAL</b>   |                               |                     |                               |                   |                    |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:**

| Revisión excepcional de prezos   | Deputación |
|--|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais |            |

**D) Resumo:**

| POS+ ADICIONAL 2/2022  | Deputación        | Concello |   |                   | Orzamento<br>Total |
|--|-------------------|----------|---|-------------------|--------------------|
|  |                   | Concello | IVE<br>Soportado<br>deducible<br>(só abastecem.<br>auga potable ) | Total<br>concello |                    |
| <b>Gastos correntes<br/>servizos obrigatorios</b>                              | <b>212.471,35</b> |          |   |                   | <b>212.471,35</b>  |
| Investimentos incluídos<br>no Plan<br>Complementario ao<br>POS+ 2022           |                   |          |   |                   |                    |
| Investimentos novos non<br>incluídos no Plan<br>Complementario ao<br>POS+ 2022 |                   |          |   |                   |                    |
| Revisión excepcional de<br>prezos obras<br>municipais                          |                   |          |   |                   |                    |
| <b>TOTAL</b>   | <b>212.471,35</b> |          |   |                   | <b>212.471,35</b>  |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A voceira do PP di que o alcalde reuniunos a tres ou catro días do pleno, cando en xullo xa sabía dos prazos. Afirmo que fai estas xogadas porque non vai volver a ser alcalde. Dille que escoite á rúa. Ao mellor pacta do candidato do PP porque xa se reúne na súa casa e presume de que lle votou e bailan na festa da Barquiña. Tivo dous anos para chegar a acordos coa oposición e non o fixo. Quedan moitas obras necesarias por facer porque as parroquias teñen necesidades. A proposta de obras do PP xa as sabe. Deixe de mentir porque cada vez parécese máis a Pinocho. Ponteceso está sen orzamento dende 2019, xa que se prorrogan automaticamente. Teñen obras que meter neste plan se lle interesara Ponteceso. Pediulle que se reunira con todos pero non o fixo.

O alcalde pregunta polo sentido do seu voto.

A Sra. Carrillo Aguiar dille que xa o saberá.

O voceiro de APIN lembra que o outro día na comisión o alcalde falou de 212.000 euros para gasto corrente e un día despois mandou un correo para falar de obras. Pregunta para que era a comisión se non hai proxectos. Leva dende febreiro co compromiso dos proxectos e o único que fai é marealos. Se chegaran a un acordo sobre a traída de auga de Lestimoño e Langueirón, como se faría eso? O alcalde reméxese moi ben co gasto corrente, movendo dun lado para outro. Como fixo co parque de Corme, botando Lasur e gastando 2.500 euros para a empresa que leva o mantemento dos parques. Esa reunión era para vender que o alcalde non era tan malo, pero a súa credibilidade vale “cero patatero”.

O Sr. García Cotelo manifesta que non sabe como a PP e APIN lles colle por sorpresa a actitude do alcalde. Fíxoselle unha moción de censura e despois aínda lle aproban o POS. Aos non adscritos non lles enviou nada, nin quere que llo envíe. O alcalde ten que marchar porque está imputado por prevaricación e o seu amigo o secretario accidental tamén.

O alcalde preguntalle se ten algo que dicir sobre o POS. Dalle a palabra a Noelia.

A Sra. Varela Suárez manifesta que o grupo socialista nunca vai dicir que non ao que veña da Deputación, que sae dos impostos dos nosos veciños e non queren que vaia para outros concellos. Se citaron a PP e APIN é porque son as forzas políticas deste concello. Pide respecto cando ten a palabra, como ella cala cando falan os demais.

A voceira do PP pregunta en que obras van meter eses cartos liberados, que concrete o alcalde o que dixo a concelleira.

O alcalde di que o explicou moi ben. Estamos nun momento de inflación moi alta, por eso a Deputación permite destinar eses cartos a gasto corrente. O POS vai para o saneamento do Xuncal, un proxecto do PP, que se vai licitar proximamente. O 90% aprobaríase como rede separativa en forma de saneamento do Xuncal. Se o pleno acepta a proposta do goberno, teñen liberdade para destinar os 212.000 euros de fondos propios que quedan liberados. Sí hai un proxecto feito para levar auga a Lestimoño, que encargou o concello, aínda que faga a obra a Deputación coas sendas. Fai un chamamento á responsabilidade do PP e APIN e a todos os simpatizantes destas forzas políticas. Non poden rexeitar estes cartos da Deputación. Intentan chegar a acordos porque son un goberno en minoría, sentándose co PP, que gobernou 22 anos en Ponteceso e goberna na Xunta e en moitos concellos.

A Sra. Carrillo Aguiar lémbrale que tivo dous meses para falar con todas as forzas políticas, sen distincións. Estamos en democracia e ten que falar con todos, pois os non adscritos tamén representan á cidadanía de Ponteceso. Pospoña este pleno e faga as cousas ben. Tamén o goberno cobra 100 euros por asistir ao pleno. A única condición que puxeron foi reunirse con todos. Diga que obras son, porque ao alcalde gasto corrente non se lle pode dar.

O Sr. Pose Verdes di que este POS vai para gastos xerais porque o alcalde non ten proxectos de obras. Pregunta porque anda tanto no fío da navalla e porque non trouxo a pleno ese proxecto, como lle dixo a secretaria que tiña que facerse para aprobar o POS. Non se pode aprobar o que trae o alcalde, porque o fai mal, conta películas e así é difícil chegar a acordos con el.

O alcalde pregunta se o Sr. García Cotelo quere engadir algo na segunda quenda de intervencións.

O Sr. García Cotelo di que falou de obras na comisión pero os cartos van para gasto corrente. O alcalde pensa que ten a razón absoluta pero acaba nos xulgados, por eso non van participar nos seus asuntos. Quen o apoia saltando a lei vai acabar no xulgado tamén, aínda que sexa o último que se faga.

A voceira do PP reitera que veñen dispostos a aprobar obras, non gasto corrente. Se quere retire o punto.

O alcalde di que perder 212.000 euros da Deputación, como dixo Noelia, é un tema moi serio. Intentará reunirse con PP e APIN, pero o día 30 remata o prazo, pero van intentar conseguir esa reunión ata o último momento.

A Sra. Fondo Pérez dille que se acorde tamén dos non adscritos.

O alcalde di que o convenio das sendas precisa de 220.000 euros de achega municipal, e quizais chegue axiña ese convenio. O mesmo pasa coa auga de Langueirón. Reitera que se votan a favor da proposta, eses 212.000 euros de fondos propios poden ir para obras, pero se non votan a favor vanse perder. Na comisión non houbo proposta de obras por parte da oposición.

A Sra. Carrillo Aguiar dille que ela non puido asistir e pide que ás poña ás 19 ou 20 horas.

O alcalde dille que sen problema, que se poñen á hora que queiran. Pensen nos seus votantes e nas necesidades das parroquias. Voten a favor e comprométese a dedicar eses cartos a obras.



A voceira do PP dille que tivo tempo e agora ven coas presas. Non quere proxectos nin lle importa Ponteceso.

O Sr. Pose Verdes dixo que na primeira parte do POS APIN tiña unha proposta de obras e a secretaria díxolles que era nula de pleno dereito porque non había informes. O alcalde agora quere facer unha comisión sen proxectos. Agora non hai consenso posible porque se lles acabou o tempo.

O alcalde pregúntalle á secretaria se quere intervir, por alusións.

A secretaria di que non lembra se foi APIN, os non adscritos ou ambos quen quixo presentar unha proposta alternativa á do goberno, pero en calquera caso o acontecido e o que ela manifestou está recollido na acta desa sesión de febreiro deste ano.

O alcalde reitera o seu ofrecemento de reunirse e a proposta de adicar eses 212.000 euros liberados a obras, porque a alternativa é que se perdan.

O Sr. Pose Verdes acusa ao alcalde de estar sempre metendo presa á oposición, cando dende febreiro tivo tempo de facer os proxectos. Pregunta se Langueirón o ano que ven non precisa auga e dille que siga así.

A Sra. Carrillo Aguiar reitera que tivo dous meses para reunirse e facer os proxectos. O alcalde está vacilando á oposición e ao pobo. Ten que reunirse con todos e lembra que a situación de minoría do goberno creouna o alcalde por expulsar a cinco concelleiros.

O alcalde di que o voceiro de APIN, con bo criterio, fala de proxectos feitos, e dille que o proxecto de levar auga a Lestimoño está feito e precisa 220.000 euros de achega municipal. Se o traemos a pleno non se perden eses cartos, e van ter que traelo en breve, cando chegue o convenio das sendas.

A voceira do PP pregunta onde están os proxectos e se Lestimoño ten máis prioridade que Langueirón ou Limiñoa. Queren ver os proxectos de obras.

O Sr. García Cotelo di que é o de sempre: faltan dous días e se non se aproban son os malos mentras o alcalde fai o que lle peta. Non conte con el porque con imputados non vai votar nada.

O alcalde sinala que están en minoría, coma moitos outros gobernos.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: cinco (5 non adscritos)

Abstencións: tres (2 G.M. do PP, 1 G.M. APIN)

Queda rexeitado o ditame.

## PARTE DE CONTROL

**4º. Dación de conta das resolucións da Alcaldía, dende a n.º 522/2022 á 682/2022.**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía dende n.º 522/2022 á 682/2022, que estiveron a disposición dos concelleiros dende a data de convocatoria do pleno.

O Pleno dáse por enterado.

## 5º. Mocións

### 5.1. Moción de APIN para a reprobación do alcalde e equipo de goberno local do Concello de Pontecesi

O Sr. Pose Verdes anuncia que ten dúas mocións urxentes e entrégalle unha copia á secretaria.

Transcríbese o texto íntegro do escrito asinado polo Sr. Pose Verdes:

#### **"MOCIÓN PARA A REPROBACIÓN DO ALCALDE E EQUIPO DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTECESO**

*Desde o inicio desta lexislatura o noso Concello está inmerso nunha parálise institucional sin precedentes.*

*A todos os problemas que teñen os nosos veciños e veciñas únese unha crise política e un desgobro que está afectando dun xeito grave aos intereses xerais e sociais do noso Concello pola inoperancia do goberno no seu conxunto.*

*O primeiro responsable é o Sr. Alcalde pero as súas concelleiras son igual de cómplices e responsables por non rematar con este catastrófico episodio .*

*É por isto que ante a gravidade deste desgobro e o perxucio que conleva para PONTECESO que pedimos aos grupos da oposición, Partido Popular e Non Adscritos que, deixando intereses políticos e cálculos electorais apoiem esta moción.*

*Podríamos enumerar moitos puntos máis pero entendemos que con estes son suficientes para xustificar esta moción*

*1-Tres anos de mandato e o noso Concello segue cos orzamentos de 2020 prorrogados e é vostede Sr. Alcalde o responsable de facelos, tal como indica o artigo 168 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.*

*2- Despois de tres anos de crise sanitaria a nosa veciñanza e @s empresari@s non contaron con ningunha axuda extraordinaria do Concello.*

*3-Peor aínda, a arrogancia, falta de diálogo e mala xestión están poñendo en perigo a moitas familias e empresas do Concello.*

*4- Nesta años vulneraronse dun xeito groseiro os dereitos fundamentais d@s concelleir@s, entre outras cousas ao non convocar as sesións extraordinarias pedidas pola oposición.*

*5- Todo o anterior agrávase coa falta de transparencia e obstaculización dos grupos municipais. Un exemplo: Hai unha resolución dos 22 de xullo deste ano na que unha persoa allea ao Concello solicita autorización para ver documentación e contesta o Sr. Alcalde que pode pasar polo Concello do 1 ao 5 de agosto. Saben canto tempo leva algún concelleiro esperando para ver documentación? Saben que unha concelleira solicitou moito antes de xullo e a resposta foi que podía pasar a ver a documentación no ano 2023?.*

*6- A todo o anterior nestes días sale na prensa que vostede, Sr. Alcalde, está investigado pola licenza de repotenciación do parque eólico de Corme. Non entendemos cómo o PSOE e as súas instancias provinciais e autonómicas siguen mirando para outro lado.*

*Nestes momentos a nosa responsabilidade con Ponteceso é denunciar públicamente o que está pasando polo que pedimos REPROBAR con firmeza ao Sr. Alcalde e ao equipo de goberno por todo o relatado co ánimo de que o noso Concello non siga sufrindo as consecuencias dun goberno inútil para a xente"*

A secretaria considera que encaixa no concepto de moción non resolutiva, que pode tratarse na parte de control e fiscalización, polo tanto non existe impedimento legal para votar a urxencia e debatila.

En primeiro lugar, sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (2 G.M. do PP, 1 G.M. APIN e 5 non adscritos)

Votos en contra: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Abstencións: ningunha

Obtéñese a maioría absoluta esixida no artigo 83 en relación co artigo 91.4 do RD 2568/1986, polo que se ratifica a urxencia da moción.

O alcalde lembra que o goberno en plena crise sanitaria levou bens de primeira necesidade á poboación, tanto el como as concelleiras que non teñen dedicación. A oposición di que se vulneran os dereitos dos concelleiros pero nunca tanta información houbo nin tantas comisións nin reunións. Di que non é agradable ter querelas, e el como profesor de inglés non tiña necesidade de todo o que ten enriba. Tivo moitas querelas pero ningunha saíu adiante e ninguén pediu perdón.

O Sr. Eiroa Ameijenda bérralle que por algo as terá.

O alcalde afirma que son un goberno que toma todas as decisións por interese público. Xa verán o que ordena o pobo nas eleccións de 2023. Non poden facer máis do que se fai. Tiveron un verán estupendo, con moitos eventos que se recuperaron e o alcalde non tivo nin un día de vacacións. Pensa que tan mal non lles vai nin son tan criminais, pero se queren reprobalos, fágano. Reitera que queren tender pontes con PP e APIN para non perder os cartos do POS adicional.

A Sra. Carrillo Aguiar dille que xa anda co candidato do PP argallando.

O alcalde dille que descoñece que estea proclamado ningún candidato. Non lle importa que o reprobren, pero si perder eses 212.000 euros.

O Sr. García Cotelo di que despois preguntará quen é o responsable do rexistro e sede electrónica. O 11 de xullo solicitou documentación e aínda non lla deron. Haberá que saber onde está o problema e porque o alcalde está sempre tapando o que lle incomoda.

A Sra. Pérez Imia di que reafirma o que di Daniel para que a xente vexa o que pasa. Ou o alcalde é bipolar ou a ver que pasa... En maio pediu unha documentación e dálle acceso en marzo de 2023. Cando non lle interesa corta as intervencións, tira os papeis ao chan... O alcalde rexeitou a dedicación porque non lle parecía suficiente. Non lla quitaron, cobraba o mesmo que o alcalde de Malpica: 26.000 euros anuais. Pide que non engane máis aos veciños.

O Sr. Pose Verdes di que levan tres anos sen orzamentos e en todos os concellos onde se goberna en minoría se negocian os orzamentos. No tema da crise sanitaria está falando de dar axudas ou bonificacións fiscais e en Ponteceso non se fixo. Non sabe que clase de diálogo quere, boa mostra témola no caso do POS. No tema da xudicialización, o PSOE dixó moitas veces que os investigadores teñen que dimitir, agás el. Habería que mirar se legalmente se pode gastar o que gasta en avogados, pois ten o máis caro de Galicia. Pide o apoio para esta reprobación, que é lexítima porque é a obriga da oposición.

O alcalde puntualiza unha serie de cousas: vai enterarse de quen é o funcionario que leva o rexistro, pero ameazar aos funcionarios non está ben.

O Sr. García Cotelo puntualiza: dixó que tomaría as medidas necesarias.

O alcalde dille a APIN que no parque da Ermida o que se fixo foi substitución das madeiras, como no da Galiña Azul. Dille a Ana que está en contra de empregar como insulto palabras como “bipolar” ou “autista”.

A Sra. Pérez Imia retira o que dixo.

O alcalde agradécelle que o retire e lembra que a retirada do soldo das concelleiras foi unha moción de APIN.

A Sra. Carrillo Aguiar puntualiza que o PP non a apoiou.

O alcalde di que está aberto ao diálogo.

O Sr. González Gómez engade que con todos.

O alcalde dille que falarán con todos para que pasen da abstención ao voto favorable no POS + 2/2022. Lembra que Ponteceso foi o primeiro concello en quitarlle ás taxas á hostalería polas terrazas, aprobouse en pleno.

O Sr. Pose Verdes acusa ao alcalde de dicir nalgún pleno que algunha xente non sabe escribir e eso tamén é unha falta de respecto pola súa parte.

O alcalde reitera a súa vontade de diálogo.

Sométese a votación a moción de APIN, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (2 G.M. do PP, 1 G.M. APIN e 5 non adscritos)

Votos en contra: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Abstencións: ningunha

Queda aprobada a moción.

## 5.2. Moción de APIN

Transcríbese o texto íntegro do escrito asinado polo Sr. Pose Verdes:

### ***“MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GRUPO APIN-SON PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA A LANGUEIRÓN E PARA ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS EN LESTIMOÑO***

*Nos últimos plenos do Concello o Sr. Alcalde presentou unha serie de compromisos para levar a cabo obras no Concello, tratábase dunha serie de actuacións, moitas das cales xa estaban aprobadas e listas para executar e outras nas que faltaba toda a documentación legal para levalas a cabo, é dicir, eran un canto ao sol, sin validade ningunha.*

*A través desta moción o grupo de APIN –SON pretende que se leven a cabo as obras mencionadas polo que presentamos a seguinte*

#### ***MOCIÓN***

*INSTAR AO Sr. Alcalde a que inicie os expedientes de ditas obras e convoque un pleno extraordinario o máis axiña posible, a poder ser no mes de outubro, para que sexan aprobadas polo Pleno do Concello.”*

En primeiro lugar, sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (2 G.M. do PP, 1 G.M. APIN e 5 non adscritos)

Votos en contra: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Abstencións: ningunha

Obténse a maioría absoluta esixida no artigo 83 en relación co artigo 91.4 do RD 2568/1986, polo que se ratifica a urxencia da moción.

O alcalde di que para as obras fan falla cartos e lembra que o compromiso para o acordo do POS de facer obras con cargo ao remanente. Non van votar a favor pero emprázaos para chegar a acordos para esas obras de auga en Langueirón e Lestimoño. Encargaranse os proxectos e cando teñan partida orzamentaria, traeráse a pleno.

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta cal é o problema de reunirse con todos, van comelo? Dille que traia ao seu asesor Ferreiro que ten corpo para defendelo.

A Sra. Varela Suárez aclara que Daniel xa dixo que non se ía reunir.

A voceira do PP di que fala por el pero hai máis xente. En dous meses tivo tempo de redactar os proxectos. Queren dedicar todo a obras, nada de gasto corrente. O POS foi aprobado co voto favorable do PP e a un que está remexendo polo baixo impórtalle todo pouco.

O Sr. García Cotelos dille que arranxe os seus problemas co PP, que el xa arranxou os del.

O voceiro de APIN di que falou do remanente, que era de millón e pico de euros, cal é o problema de cartos? Supón que non se lle deixou gastar e a oposición está morta de risa, polo tanto agora o que lle queda é usar ese remanente e encargar os proxectos. Hai dous señores de Lestimoño, o Sr. Caamaño e o Sr. Muíño, aos que Fondo lles prometeu esa obra no ano 2000, e o alcalde leva 8 anos gobernando e tampouco a fixo porque lle pon "peros" a todo.

O alcalde di que van votar a favor pero instan á oposición a ter unha reunión para saír co acordo da auga de Lestimoño e de Langueirón.

O Sr. Pose Verdes lémbrollle que o POS tamén se aprobou grazas ao seu voto. Se esta moción sae, tería que encargar os proxectos.

O alcalde responde que non lle obrigue a encargar os proxectos se non asegura o seu voto a favor, porque custan cartos. Sabe que as aliñacións do PXOM non incluían as sendas, e tras a modificación do PXOM si coinciden. O proxecto conxunto de sendas e abastecemento de auga e sumidoiro está feito, está a Deputación coas expropiacións. Para gastar en obras hai que chegar a acordos cos grupos municipais e cos que se queiran sumar. Ata agora os non adscritos votaron en contra do POS e de todo. Dille a Marta que a xente do PP non quere que Ponteceso quede sen obras. Vanse abster se esta moción sirva para sentar e intentar chegar a un acordo.

O Sr. Pose Verdes dille que o punto do POS xa pasou, terá que convocar outro pleno, non sabe o que quere facer.

O alcalde responde que quere chegar a acordos, aínda están a tempo.

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta se ese é unha chantaxe.

O alcalde pide ao Sr. Pose Verdes que mencione esas obras que pediu.

O voceiro de APIN menciona o abastecemento de Langueirón e abastecemento e sumidoiros en Lestimoño.

O alcalde pídelles que programen unha reunión para chegar a un acordo.

Sométese a votación a moción de APIN, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (2 G.M. do PP, 1 G.M. APIN e 5 non adscritos)

Votos en contra: ningún

Abstencións: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Queda aprobada a moción.

## 6º. Rogos e preguntas

### 6.1. Preguntas

O alcalde comeza respondendo as preguntas da anterior sesión.

O Sr. **Santiago Lema** formulou as seguintes preguntas orais:

*1ª. Sinala que en Corme a comunidade de veciños da Avenida dos Remedios teñen o tellado sen pagar e o alcalde prometeullo.*

Resposta do alcalde: votaron en contra no pleno e por eso no hai cartos.

*2ª. Cando entraron no goberno falaron de respectar cada un o seu pobo. Prometeuse o arranxo do campo da festa de Nemeño. Díxolle a Noelia que era mellor que os rapaces que fan a festa falaran co alcalde. Pensa que parte da culpa da situación actual é da concelleira de Cores e faltan tres semanas para a festa e a palabra segue sen cumprir.*

Resposta de Noelia: están negociación para a adquisición do campo.

O alcalde di que está bastante avanzado o acordo cos propietarios grazas á comisión de festas.

*3ª. Que pasa coas subvencións nominativas das asociacións do ano 2021? Por que lles dixo que este ano non teñen que xustificalas? Agora van en réxime de concorrencia competitiva e algunha asociación xa desistiu de pedila.*

Resposta do alcalde: as axudas ascenden a 60.000 euros e vanse conceder proximamente, tamén con fondos propios.

*4ª. Cos cartos que se aforran das dedicacións dos concelleiros por que non se limpan as aldeas? O tractor vai a 100 quilómetros por hora e sen volta atrás, deixando lixo tirado, sen recoller.*

Resposta do alcalde: nos servizos públicos todo é mellorable pero a limpeza viaria e dos campos da festa foi aceptable para a situación de asfixia que vive o concello.

*5ª. As comisións de festas tiñan aprobadas unhas partidas, que pasa con elas? Chamounas para informar como teñen que facer para pedilas?*

Resposta do alcalde: as axudas era abertas para todas as asociacións e non lles consta que haxa solicitudes de comisións de festas.

6ª. *Xa se falou abondo do parque eólico e de EDP, o alcalde está imputado e na campaña o Sr. García Carballido dixo que como Fondo tiña vergonza presentarse estando imputado. Vaise presentar agora el? Se tivera vergonza non se presentaba ás eleccións. Afirmo que primeiro está o pobo e despois o partido.*

Resposta do alcalde: este tema está xudicializado, el vaise defender o mellor que poida e insiste en que sempre buscou o interese público.

**O Sr. García Cotelo formulou as seguintes preguntas orais:**

1ª. *Trouxo varias cuestións como rogos ao pleno, xa hai dous plenos. Volveu a presentalo en xuño por rexistro. Cando vai entregarlle a documentación que solicitou?*

Resposta do alcalde: o acceso á documentación está regulado e os concelleiros deberían coñecer a normativa.

O Sr. García Cotelo di que terá que ir ao xulgado.

2ª. *Dada a súa imputación por prevaricación no caso do parque eólico de Corme, cando vai presentar a súa dimisión?*

3ª. *Se lle abren xuízo oral, as súas compañeiras pedirán que marche, segundo o código ético do PSOE, ou terá que pedirillo o Sr. González Formoso?*

O alcalde responde a ambas preguntas dicindo que polo momento ao único que lle pediu o seu partido que marchase foi ao Sr. García Cotelo. El dixera no seu día que non lle quedaba moito tempo no PP e acertou.

A Sra. Carrillo Aguiar formula as seguintes preguntas:

1.- *Pregunta sobre o polígono de Tella, sobre a súa ampliación: Cabe recordar que este o conseguí facer o PP, nun momento en que parecía imposible que Ponteceso o conseguiría. Polígono que agora vostede tantas veces vendeu e vende na prensa, pero que estamos a ver como o SEPE invirte en moitos lugares menos en Ponteceso. Sr. Alcalde, parece ser que esa viaxe e fotos acompañado polo seu asesor persoal, o Sr. Ferreiro a Madrid, máis ben foi unha viaxe de pracer e non para conseguir a súa ampliación, porque os SEPES pouco hai que tramitar pois no Plan Xeral xa lle deixaron todo feito. Sinceramente, nunca crin que o SEPE fora invertir nun polígono de XESTUR, quizáis estea trabucada.... A pregunta é: en que quedou todo isto?*

2.- *Cando vostede gobernaba co Tripartito, non quixeron una subvención de 300.000 euros como si aceptou o Concello de Malpica e que así os veciños de Ponteceso poidesen contar cun Centro de Día. Vostede un alcalde socialista preferiu que o fixese una entidade privada e así os veciños de Ponteceso tivesen que pagar, amolandoos unha vez máis, gran logro pola súa parte. En que estado se atopa todo isto?*

3.- *Algunha vez ten pensado traer o Orzamento do 2023 ao Pleno, ou vai ser Ponteceso o único concello de Galicia que leva 3 anos cos orzamentos prorrogados? Por certo, un orzamento irreal e ficticio que obtivo 8 votos favorables.*

4.- *Podería a Sra. Interventora certificar a débeda que deixou o PP ?*

5.- *Podería explicarnos que fan os vehículos de Protección Civil e Emerxencias na porta da casa de xente particular, están a darlle uso particular?*

6.- *Sr. Alcalde, o día da Festa da Barquiña, un fotógrafo presentouse ante a Banda Municipal dicindo que este era o fotógrafo oficial do Alcalde de Ponteceso. Podería explicar quen é ese fotógrafo e si está en plantilla municipal?*

7.- En Pazos de Abaixo, fai un ano que por mor dunha rotura nunha tubaxe de auga está a estragar o asfalto dunha pista municipal. O Sr. Alcalde dille aos veciños que para arranxar ese desperfecto (trátase dunha obra menor) depende da oposición que non lle deixamos gastar, nembargantes, si pode gastar en festas, publicidade, fotógrafos... sen permiso da oposición. Cando ten pensado arranxar este problema que foi pedido fai polo menos un ano?

#### **SOBRE O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

8.- Como é posible que contraten o Servizo de Axuda no Fogar por un ano, cando foi estimado o recurso interposto ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Galicia por unha das empresas participantes na licitación? Non sería mellor agardar a sentenza e poder licitar por máis tempo? Según vostede, fai dous plenos querían agardar a contestación TS de Contratación, poderían esperar a contestación da outra parte da demanda.

9.- Onde se xustifica o equipo de traballo de auxiliares para facer substitucións, etc..?

10.- En que beneficia que as coordinadoras dispoñan de vehículos para desprazarse, si as que realizan o traballo no SAF son as auxiliares?

11.- De que xeito beneficia ao Servizo de Axuda no Fogar en Ponteceso que esta empresa SÓ conte con tres traballadoras sociais e unha administrativa cando teñen que xestionar o servizo de outros catro concellos concellos? Soncoñecedoras estas coordinadoras do territorio do Concello de Ponteceso para poder distribuír ás auxiliares en domicilios cercanos e non as fagan desprazarse dunha punta a outra aos domicilios?

12.- Si a empresa non achega contratos de traballo do persoal do SAF no Concello de Cabana o que presta servizo a empresa licitadora, como podemos saber si conta con persoal real e cualificado para cubrir baixas e resolver calquera incidencia no servizo de Ponteceso?

13.- Con respecto ao aforro mínimo, acaso non se lle vai entregar por escrito aos usuarios do SAF o contrato?

- Vai pagar a empresa a formación esixida as traballadoras?

14.- Onde se especifica o prezo da hora traballada por festivo? Van facer traballar as auxiliares en festivos a prezo ordinario?

15.- Vai haber local físico da empresa ou van seguir atendendo as auxiliares no Melga e cobrando por tal alugueiro?

16.- Onde está calculado o pago da antigüidade das auxiliares?

17.- De que EPIS se basea ese cálculo? En guantes de látex, nitrilo... en uniformes? Só de guantes, o uso de uniformes, máscaras e equipo COVID?

18.- Vaise asegurar que antes de entregar diñeiro a empresa que as traballadoras estean o corrente de pago nómina, atrasos, IPC ...?

O alcalde pide que se lle pasen ás preguntas á secretaria por correo electrónico.

A voceira do PP accede.

A secretaria aclara que non están obrigados pero agradece a remisión dos escritos en formato editable.

O alcalde lembra que o ROM establece que o número de preguntas son tres pero non ten inconveniente...



O Sr. García Cotelo dille que aínda non é firme a sentenza.

O Sr. Eiroa Ameijenda pregunta polas axudas da Deputación para organizar as festas patronais, por causa da pandemia. Pregunta porque esa subvención foi só para unha comisión, o resto non existen? Canto cobra por enterrejo: 50 ou subiu a 80 euros?

O alcalde pídlle que llas entregue á secretaria.

O Sr. Eiroa Ameijenda responde que non, que o alcalde dixo un día que el non sabía escribir.

O Sr. García Cotelo pide que lle conteste no seguinte pleno quen é o funcionario responsable do a sede electrónica do Concello de Ponteceso, porque dende o 11/07/2022 non se lle contestou e foi antes da xudicialización o tema. Pídlle que cando lle mande a documentación ao xulgado, lle mande unha copia a el tamén.

A Sra. Fondo Pérez formula as seguintes preguntas:

1ª. Cando vai arranxar a pista dos Seixos?

2ª. Na estrada xeral onde a casa de Evangelina hai dous boquetes que levan non menos de 2-4 meses e están sen arranxar. Non se entera porque non ten concelleiro en Tella.

O alcalde anuncia que pasan aos rogos.

A Sra. Carrillo Aguiar lembra que o alcalde non lle respondeu ás preguntas da sesión anterior:

*1ª. Por que non foi facilitada a información solicitada polo Partido Popular de Ponteceso sobre a sentenza do Xulgado do Social Nº 5 de Coruña no que o veredicto foi penalizado a pagar 60 mensualidades de 1840,72 euros? Como ben debería saber Vde. e máis o secretario accidental que asinou a denegación, o Sr. Emilio Caínzos, as sentenzas son de dominio público xa que saen publicadas no DOG. O uso é válido para o Sr. Alcade que os vecinos só saiban das que lle son favorables a Vde., dándolle máxima difusión na prensa, pero as que lle son contrarias as garda para que nadie se entere delas?*

Resposta do alcalde: trátase dun asunto que vén de 20 anos atrás, no que non ten ningunha responsabilidade.

A voceira do PP puntualiza que preguntou por que non se lle dou a documentación.

O alcalde contesta que sen problema.

*2ª. Ten Vde. pensado licitar o Servizo do Ciclo da Auga en Ponteceso? Recordámoslle que leva 7 anos en precario. Non sabe máis que facer propaganda mentindo, non sabe máis que mentir, mentir e mentir.*

Resposta do alcalde: será a seguinte Corporación a que licite, posto que excede das competencias dun goberno en minoría e hai un novo marco coa Lei de augas.

*3ª. Debido a carencia de aparcadoiro aquí, na Casa do Concello, e estando previsto no PXOM a realización/obra de un: Vai Vde. tomar as medidas para leválo a cabo?*

Resposta do alcalde: o PXOM ten rango de lei, os aparcadoiros que veñen marcados están numerados e non hai ningún na Casa do Concello.

*4ª. En caso de maltrato nun domicilio, que plan de actuación ante tal situación teñen o Concello/Servizos Sociais?*

Resposta do alcalde: tiveron que pedir a colaboración do Centro de Información á Muller de Carballo para atender ás mulleres en situación de maltrato. Fai un chamamento a todas as mulleres que estean nunha situación de maltrato e denuncien.

A voceira do PP pregunta se os servizos sociais municipais non teñen nada específico.

A voceira do PSOE di que teñen un convenio co CIM de Carballo porque non teñen medios, pero o traslado e aloxamento das vítimas é por conta do concello e estase facendo.

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta se non poden acondicionarse as vivendas dos mestres.

A Sra. Varela Suárez responde que non é tan doado conseguir vivenda tan axiña.

*5ª. Saiu Vde. presumindo na prensa de contratar os servizos xurídicos dun dos mellores penalistas de Galicia, o Sr. José Luis Gutiérrez Aranguren. O Sr. Alcade vai a pagar Vde. os honorarios (de seguro que son ben caros) ou vai facer que a paguen todos os vecinos de Ponteceso?*

Resposta do alcalde: o avogado ten que pagalo o político

*6ª. Francisca Dolores. 1452 euros. Pode explicar a que se debe o pago destes honorarios a esta avogada cando neste pleno se lle foi retirado a Vde. o poder contratar os servizos defensivos particulares e se tiña que acoller aos servizos xurídicos gratuítos da Deputación de A Coruña?*

Resposta do alcalde: tiveron moita litixiosidade, por impago de facturas do contencioso e confían na Deputación, pero non no social, porque a defensa xurídica da Deputación non cubre a orde social. Cando entraron no goberno atoparon débedas por 150.000 euros con avogados e aprobouse unha quita. Hoxe non hai débedas con letrados.

*7ª. Pode o Sr. Alcade explicar cantas empresas contratou para limpeza e desbroces no Concello de Ponteceso?*

Resposta do alcalde: licitouse o servizo e agardan adxudicalo axiña, pero mentras tanto non poden deixar que o concello se encha de silvas.

*8ª. Non lle dá vergoña ao Sr. Alcade convocar un pleno gastando o erario do Concello de Ponteceso sen traer nada relacionado cos intereses dos vecinos/as de Ponteceso?*

Resposta do alcalde: as funcións do pleno, entre outras, son o control e fiscalización ao goberno. Se non o convocara, seguro que o criticarían.

## **6.2. Rogos**

### **6.2.1. Rogos do Partido Popular:**

1º. Segue sen colocar o colector en Tallo, xunta a igrexa, e o espello na Chabola, e xa van oito meses.

2º. En Nemeño de Abaixo leva unha arqueta seis meses sen desatascar.

3º. Hai un badén na pista da agra de Tella, en Lestimoño.

O alcalde insistir no diálogo co PP.

### **6.2.2. Rogos de APIN:**

1º. Como é posible pasar de pagar as facturas en 28 días a pagalas en 315 días?

2º. Roga que no vindeiro pleno traia os gastos de letrados que leva neste mandato.

3º. Roga que traia ao pleno unhas augas para a xente toda, se non hai cartos paga el.

Non habendo máis asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo ás 22 horas e 16 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria, asinándoa xunto co Sr. Alcalde.

O Alcalde-Presidente

A secretaria en réxime de acumulación

Xosé Lois García Carballido.

M.<sup>a</sup>. Cristina Varela García